

ID#590

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informantes: Generosa (40), Calviño (45) e Celestino (40)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



IEI
instituto de
estudios das
identidades

Cásate comigho nena
ai e deix' a quen te criou
anque teu pai é mui rico
ai non che da o que che eu dou.

O antroido é un larpeiro
porque é fillo dunha pobre,
cada un na súa casa
ghoberna conforme pode.

Baila se queres bailar
despois non vais dicindo
que che non queren topar-e.

Muiñeira da Ribeira,
muiñeira ríbeirana,
muiñeira da Ribeira
tócacha de mala ghana.

Carmela ten un tinteiro
cheo de tinta amarela
deixame mollala pluma
no teu tinteiro Carmela.

Anda diciendo tu madre
que tu para mi no eres
pois se a ti te sobran hombres,
a mi me sobran mujeres.

Son un rapás richincheiro
conquistó se son capás-e
teño muitas coma ti-e
doulle patadas pa tras-e
Ai la la ...

Na miña vida tal vin-he
na feira de Monterroxo
vintacincos xastres xuntos
da cabalo dun raposo.

ID#590



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudios das
identidades

Ese cantar que ti cantas
a min non me senta ben-he
é un cantar rianxeiro
non llo sentín a ninguén-he.

Todas las mujeres tienen
en el pecho dos limones
y un poquito más abajo
la perdición de los hombres.

Collinte pula cintura
ai, a mais aperteite ben-he
ai dixéchelle a túa nai-e
ai nese caso fixo ben-he.

Ai, pasei pola túa porta,
ai, mirei pola fechadura,
ai, tabas ti e túa nai
ai, muxíndolle o leite á burra.
Ai la le lo...